

ACTA

Expediente nº	Órgano Colegiado
PLN/2025/4	O Pleno

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Fecha:

30 de abril de 2025

Duración:

Desde las 20:00 hasta las 22:51

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

JOSÉ TOMÉ ROCA

Secretario:

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO

ASISTENCIA Á SESIÓN

	Nome e Apelidos	Asiste
	JOSÉ TOMÉ ROCA	SÍ
	IBÁN TORRES RODRIGUEZ	SÍ
	GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ	SÍ
	JOSE LUIS LOSADA FERNÁNDEZ	SÍ
	MARIA PILAR ESPINOSA NOVELLE	SÍ
	MARINA MARIA DOUTON RAJO	SÍ
	JOSE MANUEL MOUGAN SOBREDO	SÍ
	REGINA LÓPEZ ARIAS	SÍ
	GUILLERMO DIAZ AIRA	SÍ





	MARGARITA LÓPEZ RODRÍGUEZ	SÍ
--	---------------------------	----



	KATHERINE VARELA FERNÁNDEZ	SÍ
	JOSE LUIS RODRÍGUEZ VARELA	SÍ
	MARIA LUISA VAZQUEZ LOPEZ	SÍ
	EMILIO IVAN VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	SÍ
	EMILIO JOSÉ SANCHEZ IGLESIAS	SÍ
	MANUEL LUACES FERNÁNDEZ	SÍ
	JAIME GERMAN VAZQUEZ PEREZ	SÍ
	ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE 31 DE MARZO DO 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

Resolución:

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta de Goberno Local do día 31 de marzo do 2025.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/Zv72fJVDbyKbnkPo7KMRqY3hcO1K50bsBuh3PcVhCav85tZ0>

Expediente 1624/2025. Imposición e Ordenación de Tributos. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA PLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

Feitos e fundamentos de dereito:

VISTO o Informe de Xestión tributaria no que se sinala:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 24 de febreiro de 2025, o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria, aprobou inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal 2.3 Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Xestión de Residuos Municipais.



SEGUNDO.- O acordo de aprobación inicial foi sometido a exposición pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP núm. 52, de 5 de marzo de 2025), así como no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de trinta días hábiles, para que os interesados puidesen examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas.

TERCEIRO.- Durante a revisión do texto da ordenanza para a súa aprobación definitiva, detectouse que omitiuse o artigo 5 dedicado aos beneficios fiscais xa previstos na redacción anterior da ordenanza.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), establece que finalizado o período de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, o acordo provisional entenderase automaticamente elevado a definitivo.

SEGUNDO.- O artigo 11.3 da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, dispón que as entidades locais establecerán no prazo de tres anos unha taxa específica, diferenciada e non deficitaria, que reflicta o custo real do servizo e permita implantar sistemas de pago por xeración.

ANÁLISE DA MODIFICACIÓN

A modificación aprobada inicialmente deu nova redacción aos artigos 1 a 8, e engadiu un novo artigo 9 dedicado a infraccións e sancións. O contido desta modificación pode resumirse nos seguintes puntos:

1. Nos artigos 1 a 4 e 6 e 7 procedeuse a unha nova redacción que busca maior claridade expositiva sen cambiar o sentido normativo orixinal. Estas reformulacións afectan principalmente ao fundamento e natureza da taxa, ao feito impositivo, á definición dos suxeitos pasivos, responsables e sucesores e ao réxime de declaración e ingreso, así como devengo e período impositivo.
2. A modificación do artigo 5 responde á necesidade de adaptar o cálculo da cota tributaria ás esixencias da Lei 7/2022. Establécese un sistema baseado nunha cantidade variable que se actualizará anualmente en función das toneladas de residuos xeradas no exercicio anterior, distribuídas bimensualmente en dous conceptos: SOGAMA e Lixo e Punto limpo. Este novo sistema permite unha distribución máis equitativa do custo do servizo entre os usuarios e senta as bases para a implantación dun sistema de pago por xeración.
3. Introdúcese un novo artigo 9 dedicado ás infraccións e sancións, que complementa o marco normativo da taxa e reforza a seguridade xurídica.
4. Incorpórase unha Disposición Adicional Segunda que establece un mecanismo de actualización anual da ordenanza, contemplando un incremento do 5% en cada tarifa



(ademais do IPC correspondente), ata que se cubra o custo total do servizo. Esta medida permitirá unha adaptación gradual das tarifas para acadar o obxectivo de cobertura completa do custo do servizo.

Durante a revisión do texto para a súa aprobación definitiva, detectouse que por erro de transcripción omitiuse o artigo 5 relativo ás exencións fiscais, que xa figuraba na redacción anterior da ordenanza. Dito artigo establecía a exención da taxa para os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA).

Polo tanto, vése na necesidade da inclusión do artigo 5 omitido e a renumeración dos artigos posteriores que non altera o contido substantivo da ordenanza aprobada inicialmente.

CONCLUSIÓNS

1. A modificación da Ordenanza Fiscal 2.3 Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Xestión de Residuos Municipais foi tramitada conforme ao procedemento legalmente establecido.
2. A inclusión do artigo 5 omitido, referente ás exencións fiscais, e a subseguinte reordenación dos artigos seguintes, resulta dunha necesidade derivada dun erro identificado, que non reflectía a verdadeira intención do órgano competente na súa aprobación.
3. O texto definitivo da ordenanza, coa corrección indicada, dá cumprimento ás esixencias establecidas na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
4. Polo tanto, é necesaria a aprobación da ordenanza, coa inclusión do artigo 5 omitido e a consecuente renumeración dos artigos posteriores, así como a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

Por todo o exposto, emítese informe favorable á aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal 2.3 Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Xestión de Residuos Municipais, coa inclusión do artigo 5 omitido e a consecuente renumeración dos artigos posteriores.

VISTO o informe xurídico no que se sinala:

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- O artigo 17.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), establece que finalizado o período de exposición pública sen que se presentasen reclamacións, o acordo provisional entenderase automaticamente elevado a definitivo.

SEGUNDO.- O artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faculta ás Administracións Públicas para rectificar en



calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A inclusión do artigo 5 omitido e a renumeración dos artigos posteriores constitúe unha corrección técnica dun erro material que non altera o contido substantivo da ordenanza aprobada inicialmente.

CONCLUSIÓNS

1. A modificación da Ordenanza Fiscal 2.3 Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Xestión de Residuos Municipais foi tramitada conforme ao procedemento legalmente establecido.
2. A inclusión do artigo 5 omitido, relativo ás exencións fiscais, e a conseguinte renumeración dos artigos posteriores, constitúe unha corrección técnica dun erro material que non altera o contido substantivo da ordenanza aprobada inicialmente.
3. O texto definitivo da ordenanza, coa corrección indicada, dá cumprimento ás esixencias establecidas na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
4. Procede, polo tanto, a aprobación definitiva da ordenanza, coa inclusión do artigo 5 omitido e a consecuente renumeración dos artigos posteriores, así como a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

Por todo o exposto, procede á aprobación definitiva da modificación da Ordenanza Fiscal 2.3 Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Xestión de Residuos Municipais, coa inclusión do artigo 5 omitido e a consecuente renumeración dos artigos posteriores.

VISTO que durante o referido período de exposición pública non se presentaron reclamacións nin suxestións ao texto da ordenanza aprobada inicialmente, segundo consta na certificación emitida pola Secretaría municipal.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2274 de 17 de abril de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- Declarar definitivamente aprobada a modificación da Ordenanza Fiscal 2.3 Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Xestión de Residuos Municipais, ao non haberse presentado reclamacións durante o período de exposición pública.



SEGUNDO.- Proceder a incluír no texto definitivo o artigo 5 dedicado ás exencións fiscais, omitido por erro de transcripción, e proceder simultaneamente á renumeración dos artigos 6 e seguintes da ordenanza, de conformidade coa redacción orixinal, para manter a coherencia interna do texto normativo.

TERCEIRO.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

CUARTO.- Establecer que a ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e rexerá ata a súa modificación ou derogación expresa.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/SiiBhpTQYtWiA6IPrSssNFHucgLHltpFtnuYCxiCgogTCNPJ>

Documentos anexos:

- Anexo 1. ORDENANZA DEFINITIVA

Expediente 3471/2025. Aprobación do expediente de contratación do transporte colectivo de viaxeiros nas parroquias de Monforte de Lemos

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Informe de necesidade, asinado pola Técnica de Promoción económica, de data 15/04/2025.

Segundo.- Prego de prescricións técnicas do servizo a contratar, asinado pola Técnica de Promoción económica, de data 15/04/2025.

Terceiro.- Providencia do Alcalde, de data 15/04/2025, na que dispón a apertura da licitación por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

Cuarto.- RC nº 2025 22005020, informe de Intervención sobre contrato plurianual, e ditame sobre implantación do servizo de transporte colectivo de viaxeiros nas parroquias a efectos da avaliación da repercusión económica-financeira e estabilidade orzamentaria..

quinto.- Prego de cláusulas administrativas particulares, de data 15/04/2025.

Sexto.- Informe xurídico, de data 15/04/2025.





CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

Concello de Monforte de Lemos

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Primeiro.- De acordo co artigo 25.1 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Segundo dispón o artigo 25.2 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (tras redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), se atopa o de “... *Transporte colectivo urbano*”

Segundo.- O Concello de Monforte de Lemos carece na actualidade dos medios materiais necesarios, así como, do persoal cualificado para a execución do servizo, é o que xustifica a necesidade de acudir á contratación externa.

Terceiro.- Os artigos 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), permite tramitar o expediente de contratación deste servizo polo procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada con pluralidade de criterios, por razón da súa contía xa que o seu valor estimado é de 1.113.992,88 € máis IVE, superior polo tanto aos 221.000 euros.

Cuarto.- O artigo 44 da LCSP recolle que será susceptible de recurso especial en materia de contratación, os actos e decisións dos contratos de servizos que teñan un valor estimado superior a 100.000 euros.

Quinto.- O órgano competente para contratar é o Pleno, previa fiscalización de Intervención, a tenor da previsión da Disposición Adicional Segunda, apartado 2 da LCSP. Segundo o recollido no artigo 22 da LRBRL, no artigo 51 do Regulamento orgánico de funcionamento e na Disposición Adicional 9 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), as competencias atribuídas ao Pleno como órgano de contratación poderán ser atribuídas ao Alcalde ou á Xunta de Goberno Local.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2229 de 15 de abril de 2025 fiscalizada favorablemente con data de 15 de abril de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de “**TRANSPORTE COLECTIVO DE VIAXEIROS NAS PARROQUIAS DO MUNICIPIO DE MONFORTE DE LEMOS**” polo importe de **1.123.276,16 €** IVE incluído e un prazo de execución de 10 anos.



Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o prego de cláusulas técnicas que rexerán en dita contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 4411 22799 do vixente orzamento xeral municipal, quedando a adxudicación condicionada á aprobación definitiva do suplemento de crédito nº 26/2025, por importe de 51.000,00 €.

Así mesmo, o Concello adquire o compromiso, supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír o gasto correspondente nos vindeiros orzamentos ata o fin da vixencia do contrato.

Cuarto.- Dispoñer a apertura da adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada ao abeiro do artigos 156 a 158 da LCSP, o existir un orzamento cun valor estimado superior a 221.000 €.

Quinto.- Delegar na Xunta de Goberno Local todos os trámites e actuacións necesarios para a adxudicación, formalización e execución do presente expediente de contratación.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/YCKiDMBWqE1P9LSAKGCZia1gfiPofk9HXk9fcEgBZcmD9Jj7>

Expediente 3344/2024. Solicitud de bonificación no Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) FENESTRA

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data 04/11/2024, a empresa FENESTRA SL (B27501279), representada por MIGUEL ANGEL DE LA FUENTE BALBOA (34265970H), recibiu notificación de liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) correspondente ao recibo 2024-839285 e notificación 2024-10036, por un importe de 18.784,12 euros, pola construción dunha nave industrial para fábrica de carpintería de PVC no Polígono Industrial do Reboredo.

SEGUNDO.- Con data 14/11/2024, a citada empresa presentou instancia xeral solicitando a aplicación da bonificación contemplada no artigo 8 da Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO, indicando que coa construción desta nave se van a xerar un mínimo de 6 postos de traballo.

TERCEIRO.- Con data 14/11/2024, iniciouse o expediente de bonificación tributaria número 3344/2024, requiríndose ao solicitante para que achegase documentación adicional necesaria para determinar o apartado concreto aplicable do artigo 8 e verificar o



cumprimento dos requisitos correspondentes, incluíndo:

1. Indicación e xustificación do apartado do artigo 8 ao que se acolle a solicitude
2. Certificado ou documento acreditativo de que a actividade está incluída na Sección 1ª das Tarifas do IAE
3. Compromiso formal de creación e mantemento dos 6 postos de traballo durante un período mínimo de 2 anos
4. Acreditación das contratacións, se xa se realizaron, ou compromiso de xustificación no prazo regulamentario

CUARTO.- Con data 26/02/2025, a empresa FENESTRA SL (B27501279), a través do seu representante MIGUEL ANGEL DE LA FUENTE BALBOA (34265970H), presentou a documentación requirida, indicando que:

1. A empresa está realizando unha ampliación das súas instalacións na Parcela 4C do Polígono Industrial do Reboredo de Monforte de Lemos, con Referencia Catastral 0156218PH2005N0001LW, cunha superficie construída de 6.280,55 m²
2. Achega certificado de situación no censo de Actividades Económicas da AEAT no que consta que a empresa realiza actividades con epígrafes 482.2 (Fabricación de artigos acabados de materias plásticas) e 505.5 (Carpintería e cerrajería), ambas incluídas na Sección 1ª do IAE
3. Comprométese formalmente a crear e manter seis postos de traballo durante un período mínimo de dous anos desde a data de inicio da actividade nas novas instalacións
4. Manifesta que aportará os xustificantes das altas no momento do alta no imposto de actividades económicas

QUINTO.- Comprobada a liquidación practicada, consta que o recibo 2024-839285 é por un importe de 18.784,12 euros, calculado aplicando o tipo impositivo do 2 % sobre a base imponible de 939205.80 euros (valoración segundo os módulos establecidos na Ordenanza), non aplicándose ningunha bonificación, constando como pendente de pago.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A lexislación aplicable ao caso está constituída fundamentalmente por:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, especialmente o artigo 103.2.a)
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Monforte de Lemos, aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 24 de xuño de 2024 e definitivamente o 28 de agosto de 2024, publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 201 do 30 de agosto de 2024, con corrección de erros



publicada no BOP 234 do 9 de outubro de 2024

SEGUNDO.- De acordo co establecido no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as ordenanzas fiscais poderán regular bonificacións sobre a cota do imposto para as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorreren circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, correspondendo dita declaración ao Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo.

TERCEIRO.- O artigo 7 da Ordenanza Fiscal reguladora do ICIO do Concello de Monforte de Lemos vixente ao momento da solicitude da licenza, actual artigo 8 coa mesma redacción, establecía diversas bonificacións para as construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal. Á vista da documentación aportada polo solicitante, determínase que a solicitude de bonificación debe encadrarse no apartado d) do artigo 7 da Ordenanza, que contempla bonificacións polas obras de ampliación ou reforma de actividades empresariais, entendendo por ampliación ou reforma as que alteren a configuración arquitectónica dos edificios.

CUARTO.- Conforme ao establecido no citado apartado d) do artigo 7 da Ordenanza Fiscal, corresponde unha bonificación do 95% na cota do imposto pola creación de 2 ou máis novos postos de traballo (punto D1), sempre que se manteñan polo menos durante un prazo mínimo de 2 anos contados desde a finalización das construcións, instalacións e obras.

QUINTO.- De acordo co artigo 7 da Ordenanza Fiscal, o recoñecemento das bonificacións corresponde ao Pleno, co voto da maioría simple dos seus membros, sen prexuízo das delegacións que poidan proceder segundo a normativa vixente. Asimesmo, as bonificacións quedarán sen efecto por non cumprirse as condicións por razón das cales concedéronse as mesmas.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2172 de 14 de abril de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- APROBAR O RECOÑECIMENTO a FENESTRA SL (B27501279) dunha bonificación do 95% na cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras correspondente ao recibo 2024-839285, por importe de 18.784,12 euros, pola construción dunha nave industrial para fábrica de carpintería de PVC no Polígono Industrial do Reboredo, por cumprir cos requisitos establecidos no artigo 7.d.1) da Ordenanza Fiscal aplicable no momento da solicitude da licenza (actual 8.d.1, coa mesma redacción), ao tratarse de obras de ampliación de actividade empresarial con compromiso de creación de 6



novos postos de traballo.

SEGUNDO.- CONDICIONAR o devandito recoñecemento ao cumprimento efectivo do compromiso de creación e mantemento dos 6 postos de traballo durante un período mínimo de 2 anos contados desde a finalización das obras, debendo o interesado acreditar tal extremo no prazo máximo de 6 meses desde a alta da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas, tal como establece a Ordenanza Fiscal aplicable.

TERCEIRO.- NOTIFICAR os acordos anteriores aos interesados coa indicación dos recursos que fronte a estes sexan procedentes en dereito

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/vBkYdq85imUL2OlX3AixkxV912Ozf7wdGN7Jmt650g2jkhU>

Expediente 3951/2025. Procedemento Xenérico. ADHESIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS GANADERO-CÁRNICA

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Feitos e fundamentos de dereito:

El sector ganadero-cárnico desempeña un papel fundamental en el desarrollo económico, social y ambiental de muchas entidades locales, generando empleo, fijando población en el territorio y contribuyendo a la sostenibilidad y seguridad alimentaria.

Conscientes de la importancia de este sector y de la necesidad de fortalecer la colaboración entre municipios para afrontar sus retos y oportunidades, se ha constituido la Red de Entidades Locales Ganadero-Cárnica en el seno de la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP).

Esta Red tiene como finalidad impulsar el intercambio de experiencias, la cooperación institucional y el desarrollo de estrategias comunes para apoyar y fortalecer la actividad ganadero-cárnica en el ámbito local.

La adhesión a esta Red nos permitirá:

- Participar en un espacio de trabajo conjunto con otras entidades locales comprometidas con el sector.
- Acceder a información, asesoramiento y buenas prácticas sobre políticas de apoyo a la ganadería y la industria cárnica.
- Contribuir al diseño y aplicación de estrategias que favorezcan la sostenibilidad, modernización y competitividad del sector.
- Reforzar la colaboración con otras administraciones, entidades y actores del sector



para impulsar iniciativas conjuntas.

· Por todo ello, se considera de interés para el Ayuntamiento de Monforte de Lemos solicitar la adhesión a la Red de Entidades Locales Ganadero-Cárnica.

Vista a proposta de resolución PR/2025/2203 de 15 de abril de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

1. Aprobar la adhesión del Ayuntamiento de Monforte de Lemos a la Red de Entidades Locales Ganadero-Cárnica.
2. Facultar al Sr. Alcalde para que realice todos los trámites oportunos para la adhesión del Ayuntamiento de Monforte de Lemos a la Red de Entidades Locales Ganadero Cárnica
3. Dar traslado del presente acuerdo a la Secretaría Técnica de la Red para su tramitación.

Intervencións:

<https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/vBkYdq85imUL2OlX3AixkxV912Ozf7wdGN7Jmt650g2jkhU>

Expediente 2863/2025. CORRECCIÓN ERRO DETECTADO NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DOS RESIDUOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E OUTROS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o acordo do Pleno da corporación, de data 31/03/2025, na que se aproba a modificación do contrato asinado con FCC para a Recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios cun incremento anual de 93.708,28 €

Visto que no PPT que forma parte do expediente se facía mención a que a apertura do Centro Verde e Punto Limpo tería que ser 20 horas semanais cada centro.

Comprobado que no estudo económico se tomaron como base os cálculos de apertura de 40 horas semanais, tanto do Centro Verde como do Punto limpo.

Detectado este erro material na transcripción ao PPT das horas de apertura de cada Centro (Centro Verde e Punto limpo).



Tendo en conta o artigo 109.2 da Lei 39/2011, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo que sinala que “.../. as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”

Vista a proposta de resolución PR/2025/2344 de 24 de abril de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e os concelleiros do Grupo municipal do BNG e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro do Grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Primeiro.- Proceder á corrección do erro material de transcripción no PPT que forma parte do expediente de modificación do Contrato de recollida e transporte dos residuos urbanos, limpeza viaria e outros servizos complementarios, de modo que **ONDE DI:**

“... una apertura de un mínimo de 20 horas a la semana en el Centro Verde y de otras 20 horas a la semana de apertura del Punto Limpio. “

“ ...El Punto Limpio y el Centro Verde deberán mantenerse abiertos al público un mínimo de 20 horas semanales...”

DEBE DICIR:

“... una apertura de un mínimo de 40 horas a la semana en el Centro Verde y de otras 40 horas a la semana de apertura del Punto Limpio. “

“... El Punto Limpio y el Centro Verde deberán mantenerse abiertos al público un mínimo de 40 horas semanales ...”

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/S5XRvzytDBioJsM2cFtpemAXUtOG6xluSadsQYFdOvg0jdbd>

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTE E MOBILIDADE SOSTIBLE O INMEDIATO ARRANXO DO FIRME DA NACIONAL 120 NA PROVINCIA DE LUGO E OURENSE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mizto.



Transcríbese a proposta da moción coa modificación proposta polo BNG:

- 1.-A rehabilitación integral do firme da N-120 dende o enlace coa A6 ata Ourense así como a construción dos carrís adicionais comprometidos entre Os Peares e Ourense.
- 2.-Reiterar a execución das obras de mellora da seguridade viaria mediante a creación de carrís adicionais entre Os Peares e Ourense, anunciadas polo Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible no BOE do 30 de abril do 2024.

Intervencións:

<https://videoplano-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/QmOoxiYZH1yCl2InD7jVCqrYfLChHnnlhKSDGnxoE7jhldtm>

